

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN PARA A DETECCIÓN DE CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS MEDIANTE ANÁLISE DE AUGAS RESIDUAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade formalizou o día 10.10.2025 coa Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 31.12.2025.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"obter datos obxectivos sobre o consumo de sustancias de abuso en Galicia mediante o análise das augas residuais, que permitirá coñecer os niveis de consumo globais das sustancias de maior consumo e eventualmente detectar a entrada de novas sustancias."*

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente Convenio, realizaranse as seguintes actuacións:

a) Complementar servizos de alerta de uso de sustancias novas que aparecen no mercado e que poden supoñer un risco para a saúde pública.

b) Realizar dúas campañas de recollida de mostras e posterior análise durante dúas semanas ao ano, en cinco Estacións Depuradoras de Augas Residuais (en diante, EDAR), en Galicia."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"A Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública ten entre os seus obxectivos a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

[...] Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático [...] con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

[...] No ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta entre outras.

USC é unha institución de dereito público que desenvolve actividades de formación,



investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento.

Que a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela desexan colaborar, mediante o establecemento de accións conxuntas que permitan desenvolver un indicador de uso de substancias psicoactivas baseado na análise de augas residuais."

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se trasponse al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

